

**DE MATRÍCULA:**

**P.7 De primeiro por primeira vez para quen estea convocado pola CiUG.** Deberase estar pendente da publicación das listaxes de admisión na aplicación informática Nerta (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>). **A matrícula formalizarase nos prazos establecidos pola CiUG na <https://ciug.gal>** e, haberá chamamentos pola lista de agarda segundo as vacantes que se produzan

**P.8 Para quen continúe estudos e para quen teña unha admisión polos procedementos de admisión 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7(\*), 2.8(\*\*), 2.9 e 2.10:**

- Do 30 de agosto ao 15 de setembro

(\*) No caso de que nun curso ponte non se matriculen todas as persoas admitidas, establecerase a posibilidade de efectuar chamamentos de matrícula cada 3 días cando existan listaxes de agarda a fin de que non queden prazas vacantes.

(\*\*) Este prazo é só para a opción de cursos tutelados.

**P.9 Para estudantes en tipo de intercambio ou de visitante:**

- Dende o inicio do curso ata o 15 de outubro para quen veña cursar o primeiro cuatrimestre ou o curso completo.
- Dende o inicio de segundo cuatrimestre ata o 4 de marzo para quen veña cursar só o segundo cuatrimestre.

**P.10 Procedemento do apartado 2.11**

Para axilizar o proceso de adxudicación de prazas sobrantes, a quen se lle poda conceder praza informaráselle por correo electrónico do prazo para formalizar á matrícula polo que recoméndase revisar tanto a caixa de correo de entrada como a de correo non desexado.

Dende o Servizo de Xestión de Estudos de Grao reenviaranse ás unidades administrativas dos centros as comunicacións que se fagan ao alumnado convocado a matricularse para que teñan constancia de quen e cando se pode formalizar á matrícula.

No caso de que as e os convocados non formalicen matrícula o Servizo de Xestión de Estudos de Grao convocará ás persoas das listas de agarda deste procedemento. Unha vez rematado este proceso, de continuar habendo prazas sobrantes, admitiranse solicitudes sempre que non sexa mais tarde do 15 de outubro e irán resolvéndose por orde de chegada, sen publicación de máis listaxes.

**PARA SOLICITAR RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS:**

**P.11. Presentación de solicitudes de recoñecemento de créditos** (modelo R00 do anexo V):

- O alumnado con estudos universitarios oficiais estranxeiros solicitará recoñecemento de créditos polo apartado 2.3.2. nos meses de marzo e abril do curso académico anterior ao que pretende acceder. Estas solicitudes de recoñecemento serán resoltas antes do 31 de maio.
- Para o resto dos casos, de xeito xeral, as solicitudes de recoñecemento de créditos presentaranse durante os meses de xuño, xullo e agosto. Serán resoltas antes do 30 de setembro e a resolución favorable aceptada pola persoa solicitante farase efectiva no expediente académico na formalización da matrícula. Nos casos nos que as solicitudes non poidan ser resoltas na súa totalidade por estar pendentes de cualificacións, poderán ser